

# MUD

Jeff Nichols, 2012

# 1340

ESTREA EN NUMAX: 16.07.2024 | V.O.S.E. | +12 | 130 min

Nunha illa do Mississippi, dous rapaces descubren un fuxitivo chamado Mud. Matou un home para protexer o amor da súa vida, Juniper, e agora agóchase dos cazadores de recompensas. Os mozos acceden a axudalo a se reunir con Juniper e prepararen a súa fuxida, sen saber que a aparición de Mud significará a fin das súas infancia.

«Tom Sawyer revisitado. Fala da infancia con elegancia e intelixencia»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Entrevista con Jeff Nichols: «Escribín a historia pensando en Matthew McConaughey»

Por Brogen Hayes

**Ata hai pouco, Matthew McConaughey era máis coñecido polos seus papeis en comedias románticas, como fixeches para elixir a alguén que non era a elección obvia para o papel?** En realidade el sempre foi a elección obvia para min! No ano 2000, cando se me ocorreu a idea por primeira vez, escribín a historia pensando nel. Cando chegou o momento do financiamento, descartamos axiña outros nomes e ideas que, só por cumprir cos meus deberes, considerei, pero seguín volvendo a Matthew McConaughey. Vira *Lone Star* (John Sayles, 1996) recentemente cando tiven a idea e pensei: "Este é o mozo". Logo comecei a miña carreira como director e a súa foi por outro lado moi diferente e sinto que agora nos xuntamos. Creo que era o momento axeitado para os dous.

**Como creaches o personaxe de Mud?** Non sei de onde xurdiu a idea de ter un home escondido nunha illa no medio do río Mississippi. Atopei un ensaio fotográfico na biblioteca pública cando estaba na universidade que retrataba persoas que vivían xunto ao río; un era un mergullador que recollía mexillóns, como o personaxe de Mike, e había persoas en casas flotantes que eran pescadores comerciais, así que tiña iso na miña cabeza. E pensei: que pasa se uns rapaces, xogando, atopan a un home nunha illa? Esa idea, non sei de onde saíu, pero foi unha chama. Tamén comprei nunha librería de vello un pequeno gran libro que era unha breve historia das supersticións estadounidenses, que non se aprecian pero están no filme. Por exemplo, na primeira escena el recolle o pelo ou cospe no cebo, que se supón que dá boa sorte na pesca... Todo o que fai ten algo de superstición transmitida de xeración en xeración.

Até entón só escribira personaxes estoicos, ben interpretados por Mike Shannon, que nunca falan, e quería que neste filme houbera un fluxo constante de diálogo. En 2006, sentei, escribín as primeiras 30 páxinas do guión e deixeiño; simplemente non estaba listo para o rematar. Non estaba preparado creativamente, non estaba preparado mentalmente... Non foi ata 2008 que regresei e puideren rematalo.

**Como foi o proceso de pesquisa?** Fun alí e vivín nunha casa flotante. Resulta que un curmán meu era dono dunha destas casas flotantes e quedei nela, só, durante unha semana. É sorprendente, estaba na parte alta do río Arkansas nun lugar chamado Refuxio do Río Branco. Era simplemente fermoso, había aguias calvas voando e serpes por todas partes. Estaba nun bote e escoitei algo batuxar tras de min, deime a volta e unha serpe colgaba cun peixe na boca que viña de cazar no río. Estaban por todas partes.

**Michael Shannon fíxose coñecido por interpretar personaxes “de malo”, foi a súa aparición na película unha especie de pista falsa?** Gústame a forma en que termina. O seu personaxe é moi similar ao protagonista de *Shot Gun Stories* (2007), a miña primeira película. É o único personaxe que ve aos mozos con Mud e non di nada. A intención era que, ao final da película, el sexa o único que vexa o posible final de Mud. Tamén quería tecer esa nova conexión pois o neno precisaba outro mentor, unha figura masculina diferente. E que mellor mentor masculino que Mike Shannon? [Risas] Que neno de 14 anos, non quere sentar no sofá con Mike a falar sobre o amor? [máis risas]